

Venres, 28 de maio de 2021

Núm. 100

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TUI

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

MODIFICACIÓN MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

ANUNCIO

Con data 18 de maio de 2021 ditouse resolución de Alcaldía (Decreto número 2021-0685) de modificación da composición da Mesa de Contratación Permanente da Xunta de Goberno Local, do seguinte teor literal:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA ANTECEDENTES

ÚNICO. Con data do 22 de xaneiro de 2021, ditouse resolución (Decreto número 2021-0053) co seguinte literal:

“PRIMEIRO. Avogar para este asunto en concreto as competencias previamente delegadas na Xunta de Goberno Local, segundo decreto de data 24/06/2019, dada a urxencia de convocar Mesa de Contratación.

SEGUNDO. Modificar a composición da Mesa de Contratación Permanente da Xunta de Goberno Local, quedando a súa composición como segue:

- PRESIDENTE: O Alcalde: Enrique Cabaleiro González. Suplente: Concelleiro delegado de Deporte e Medio Rural: Rafael Estévez Martínez.
- VOGAIS:
 - Concelleira delegada de Urbanismo, Facenda e Parques e Xardíns: Yolanda Rodríguez Rodríguez. Suplente: Concelleira delegada de Educación e Cultura: María Sonsoles Vicente Solla.
 - Secretaria do Concello: Pilar Fernández Alonso. Suplente: Secretario/a accidental.
 - Interventor do Concello: Elisa Marqués Parrilla. Suplente: interventor/a accidental.
 - Arquitecto municipal: Pablo Rivas Caride. Suplente: Arquitecto técnico municipal: José Castro Iglesias.
- SECRETARIO DA MESA: Pablo Escobero Cela, Técnico de Xestión do Departamento de Contratación. Suplentes: María Jesús Blanco Martínez, administrativa del Departamento de Contratación.



Venres, 28 de maio de 2021

Núm. 100

TERCEIRO. Comuníquese o nomeamento aos interesados, publicándose a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil do Contratante.”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO. Dispón o artigo 326.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE que “salvo no caso en que a competencia para contratar corresponda a unha Xunta de Contratación, nos procedementos abertos, aberto simplificado, restrinxidos, de diálogo competitivo, de licitación con negociación e de asociación para a innovación, os órganos de contratación das Administracións Públicas estarán asistidos por unha mesa de contratación. Nos procedementos negociados en que non sexa necesario publicar anuncios de licitación, a constitución da mesa será potestativa para o órgano de contratación, salvo cando se fundamente na existencia dunha imperiosa urxencia prevista na letra b) 1.º do artigo 168, no que será obrigatoria a constitución da mesa. Nos procedementos aos que se refire o artigo 159.6 será igualmente potestativa a constitución da mesa”.

SEGUNDO. Dispón o artigo 326.3 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público que “a mesa estará constituída por un Presidente, os vogais que se determinen regulamentariamente, e un Secretario.”

TERCEIRO. Dispón o artigo 326.4 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público que “os membros da mesa serán nomeados polo órgano de contratación”.

CUARTO. Dispón o artigo 21 do Real Decreto 817/2009, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, onde se regula a composición da mesa de contratación, que “A designación dos membros da mesa de contratación poderá facerse con carácter permanente ou de maneira específica para a adxudicación de cada contrato. A súa composición publicárase no perfil de contratante do órgano de contratación correspondente cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrar para a cualificación da documentación referida no artigo 130.1 da Lei 30/2007, do 30 de outubro. Se é unha mesa permanente, ou se lle atribúen funcións para unha pluralidade de contratos, a súa composición deberá publicarse ademais no «Boletín Oficial do Estado», no da Comunidade Autónoma ou no da Provincia, segundo trátase da Administración Xeral do Estado, da Autonómica ou da Local”.

QUINTO. Establece o apartado 7º da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público que “a Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor; ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-orzamentario, así como aquel outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que,



Venres, 28 de maio de 2021

Núm. 100

no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supoñer máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.

Nas Entidades locais municipais, mancomunidades e consorcios locais, poderán integrarse na Mesa persoal ao servizo das correspondentes Deputacións Provinciais ou Comunidades Autónomas uniprovinciales.

En ningún caso poderá formar parte das Mesas de contratación nin emitir informes de valoración das ofertas, persoal eventual. Poderá formar parte da Mesa persoal funcionario interino unicamente cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así se acredite no expediente.

A composición da Mesa publicárase no perfil de contratante do órgano de contratación correspondente. Poderanse constituír Mesas de Contratación permanentes.”

Á vista da incorporación da nova interventora do Concello de Tui en réxime de acumulación e considerando os antecedentes e con base aos fundamentos xurídicos,

RESOLVO

PRIMEIRO. Avogar para este asunto en concreto as competencias previamente delegadas na Xunta de Goberno Local, segundo decreto de data 24/06/2019, dada a urxencia de convocar Mesa de Contratación.

SEGUNDO. Modificar a composición da Mesa de Contratación Permanente da Xunta de Goberno Local, quedando a súa composición como segue:

- PRESIDENTE: O Alcalde: Enrique Cabaleiro González. Suplente: Concelleiro delegado de Deporte e Medio Rural: Rafael Estévez Martínez.
- VOGAIS:
 - Concelleira delegada de Urbanismo, Facenda e Parques e Xardíns: Yolanda Rodríguez Rodríguez. Suplente: Concelleira delegada de Educación e Cultura: María Sonsoles Vicente Solla.
 - Secretaria do Concello: Pilar Fernández Alonso. Suplente: Secretario/a accidental.
 - Interventora do Concello: Beatriz Isla Carballo. Suplente: interventor/a accidental.
 - Arquitecto municipal: Pablo Rivas Caride. Suplente: Arquitecto técnico municipal: José Castro Iglesias.
- SECRETARIO DA MESA: Pablo Escobero Cela, Técnico de Xestión do Departamento de Contratación. Suplentes: María Jesús Blanco Martínez, administrativa del Departamento de Contratación.

TERCEIRO. Comuníquese o nomeamento aos interesados, publicándose a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil do Contratante.”

O que se publica para coñecemento e efectos.



Venres, 28 de maio de 2021

Núm. 100

En Tui, o alcalde.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:ER8ISCE2C712JCP2

